

Estratexia de internacionalización da Universidade da Coruña (2025-2027)

A Estratexia de Internacionalización da Universidade da Coruña (UDC) para o trienio 2025-2027 proporciona un marco básico para a aplicación de medidas e prioridades en todos os aspectos relacionados coa internacionalización da UDC que abarca tanto relacións bilaterais como multilaterais.

As chamadas «competencias internacionais» son cada vez máis demandadas en todos os ámbitos de desenvolvemento profesional. Neste sentido, os requirimentos de mobilidade dos/as profesionais están a se incrementar debido a procesos como a integración europea, a globalización de todo tipo de actividades e o amplo intercambio sociocultural existente na actualidade. Estas premisas póñense máis de manifesto a medida que aumenta o nivel de formación requirido aos e ás profesionais. Así, hoxe espérase que o estudantado teña algunha competencia de tipo internacional cando se incorpora ao mercado laboral. Entre as ditas competencias internacionais pódense citar o coñecemento doutras linguas distintas da materna ou a capacidade para se desenvolver en distintos contextos socioculturais. Estas competencias están directamente relacionadas coa experiencia internacional da persoa.

A internacionalización é un valor inmaterial en si mesmo. O feito de que a cidadanía teña competencias internacionais supón un beneficio para toda a sociedade. Tanto para calquera egresado/a universitario/a, como para calquera empresa ou institución, as redes de contactos internacionais e a capacidade para desenvolver proxectos e cooperar en eidos internacionalizados son aspectos xeradores de oportunidades e poden introducir melloras na calidade de todos os procesos.

O obxectivo desta Estratexia de internacionalización é reflexionar, desde a situación actual da UDC, sobre como introducir melloras para todos os colectivos que compoñen a institución e para a Universidade en si mesma nas competencias internacionais.

A internacionalización é parte da misión da UDC. A planificación estratéxica das actividades de internacionalización debe estar imbricada transversalmente en toda a visión da UDC e contribuír a:

- i) garantir que todos os colectivos que compoñen a comunidade universitaria comprenden como e por que a internacionalización mellorará o seu futuro profesional e o da institución
- ii) orientar as actividades internacionais que se van desenvolver, sistematizalas e introducir melloras na súa xestión



iii) planificar actividades realizables, para as que existan recursos suficientes e facelo dun modo ordenado e sostido no tempo.



Partindo do modelo simplificado de planificación estratéxica recomendado pola Comisión Europea na súa *Guía práctica sobre a internacionalización na educación e formación profesional* (2017, ver ilustración), analizouse o contorno de traballo e asumíuse a misión e visión da UDC. A continuación, realizouse unha análise DAFO da situación da UDC, identificáronse os aspectos en que a UDC está mellor e peor posicionada en internacionalización e, con base niso, establecéronse:

- unha serie de áreas clave de actuación para mellorar a internacionalización da UDC,
- un conxunto de propostas de mellora para o conxunto da UDC
- identificáronse os puntos clave para levar a cabo estas propostas, co fin de mellorar a internacionalización da UDC
- propúxose un grupo de posibles medidas para a mellora rápida da internacionalización da UDC.

Fontes

A Comisión Europea elaborou unha *Guía práctica sobre a internacionalización na educación e formación profesional* (2017), que está dispoñible a través do SEPIE (Servizo Español para a Internacionalización da Educación). Nesta Estratexia de internacionalización para a UDC tívose en conta este documento, así como as estratexias de internacionalización doutras universidades españolas e a situación particular da UDC. Esta Estratexia está orientada a mellorar a proxección internacional da UDC, atraer talento internacional, fortalecer as redes de cooperación con outras institucións e mellorar a visibilidade e o impacto global da UDC como universidade, en todos os seus ámbitos de actuación.



Prioridades

Esta Estratexia céntrase en diversas prioridades:

- Alianza EMERGE,
- asociacións estratéxicas da UDC,
- fortalecemento do intercambio internacional de persoal (entrante e saínte) académico e non académico,
- fortalecemento do intercambio internacional (entrante e saínte) de estudantado en todos os ciclos de estudo,
- internacionalización en casa,
- mellora da percepción da UDC como unha institución atractiva para estudar e traballar,
- mellora da posición da UDC na investigación e a ciencia europeas e internacionais,
- apoiar a participación activa da UDC na procura de solucións aos problemas económicos, sociais e medioambientais globais.

Obxectivos cuantificables

- Alcanzar unha cota do 5 % de estudantes internacionais entrantes na UDC en 2027, medida sobre o número total de estudantes oficiais da UDC (actualmente esta cota é do 2,7 %).
- Alcanzar unha cota do 5 % de estudantes saíntes da UDC en 2027, medida sobre o número total de estudantes oficiais da UDC (actualmente esta cota é do 2,5 %).
- Alcanzar unha cota de mobilidade internacional do 8 % entre o persoal para 2027, medida sobre o total de persoal da UDC (actualmente esta cota é do 4,7 % para persoal saínte e do 5,9 % para persoal entrante).
- Alcanzar unha cota do 3 % de persoal internacional traballando na UDC durante períodos de, como mínimo, 3 meses seguidos en 2027 (actualmente esta cota é de modo conxunto do 1 %).
- Aumentar a proporción de proxectos internacionais a 18-21 proxectos ao ano en 2027 (actualmente esta cota é de 12-14 proxectos internacionais/ano, de media, nos últimos 11 anos. En 2022 conseguimos 6 proxectos KA22 e nun deles a UDC era coordinadora; en 2023 conseguimos 11 proxectos KA22 e a UDC era coordinadora nun deles).



Supervisión

O conxunto de persoas descritas no apartado “Roles clave na internacionalización da UDC” traballarán co fin de coordinar eficazmente as súas áreas de actuación para que respondan aos fins marcados nesta Estratexia. A supervisión destas actuacións correrá a cargo do equipo da vicerreitoría competente en materia de internacionalización que, ademais, manterá unha comunicación continua con aqueles órganos gobernamentais e institucións que poidan contribuír aos fins desta Estratexia.



ANÁLISE

Avaliouse de modo sinóptico e cualitativo a situación da internacionalización na UDC, considerando diversos factores internos e externos.

Fortalezas (internas)

1. **Oferta académica diversa e de calidade:** a UDC presenta unha oferta educativa xeneralista e ampla, o que a fai atractiva para profesorado e estudantes internacionais.
2. **Oferta académica en inglés:** en relación ao seu contorno, a UDC conta cun bo número de cursos en inglés, o que lle proporciona atractivo entre estudantes, persoas investigadoras e académicas.
3. **Redes e programas de cooperación internacional:** a UDC forma parte da Alianza EMERGE, así como de diversas redes e consorcios internacionais e toma parte nos principais programas de mobilidade internacional.
4. **Investigación recoñecida internacionalmente:** a UDC presenta campos de investigación ben posicionados a nivel internacional, o que aumenta a súa visibilidade global e atrae persoas investigadoras e estudantes.
5. **Localización xeográfica estratéxica:** A Coruña está ben conectada por medios de transporte. Ademais, o contorno cultural e histórico da rexión é un atractivo para persoas estranxeiras.
6. **Programas de mobilidade internacional:** a UDC promove e apoia activamente a mobilidade dos seus estudantes e persoal, sentando as bases para a internacionalización da comunidade universitaria.

Debilidades (internas)

1. **Escaseza de recursos económicos para a internacionalización:** a internacionalización require investimentos significativos e a UDC está limitada pola falta dun financiamento suficiente para expandir os seus programas, a infraestrutura ou para apoiar o estudantado internacional.
2. **Escasa visibilidade internacional:** a UDC ten un recoñecemento limitado fóra de España e Europa, o que afecta a súa capacidade para atraer talento global.
3. **Burocracia e xestión administrativa:** os procesos administrativos vinculados á mobilidade internacional son relativamente complexos e lentos, o que desincentiva a participación de estudantes e persoal (con máis motivo o persoal internacional).
4. **Capacidade limitada de aloxamento e a súa carestía:** a infraestrutura dispoñible na UDC considérase insuficiente para cubrir unha demanda crecente en caso de aumento importante do número de estudantes internacionais. Non existen solucións habitacionais a un prezo regulado para a comunidade universitaria e este resulta elevado.



Oportunidades (externas)

1. **Crecente demanda de educación internacional:** a globalización xerou unha maior demanda de educación internacional. O estudantado busca oportunidades para se formar no estranxeiro, o que representa unha oportunidade de atracción.
2. **Fomentar alianzas con universidades estranxeiras:** establecer ou ampliar acordos de cooperación e dobres titulacións con outras institucións universitarias pode aumentar a visibilidade e o atractivo da UDC. En particular, a Alianza EMERGE constitúe unha enorme oportunidade desde o punto de vista da internacionalización.
3. **Financiamento europeo para a educación e investigación:** débense aproveitar os instrumentos de financiamento da UE e outros organismos internacionais para impulsar a internacionalización, expandindo investigación e mobilidade.
4. **Diversificación xeográfica do estudantado internacional entrante:** fomentar a entrada de estudantes internacionais máis aló dos países europeos, cara a América Latina, Asia ou África, o que pode aumentar a presenza global da UDC e a súa diversidade cultural.
5. **Innovación en programas en liña e formación a distancia:** o auxe do ensino en liña e a formación a distancia abren a porta para desenvolver programas virtuais accesibles para estudantes internacionais que non se poden desprazar fisicamente.
6. **Linguas:** a coexistencia do galego e o castelán constitúe unha enorme oportunidade para se abrir, por unha banda, a toda a lusofonía e, por outra, á gran demanda de aprendizaxe do castelán.

Ameazas (externas)

1. **Competencia con outras universidades internacionais:** a UDC compite con universidades con máis recursos, unha oferta educativa máis atractiva ou maior recoñecemento internacional, o que dificulta atraer estudantes e persoas investigadoras internacionais.
2. **Incerteza económica e política:** diversos factores económicos ou políticos en Europa e outras rexións do mundo poden afectar a mobilidade estudantil e os intercambios académicos. A inflación, as políticas migratorias restritivas ou crises económicas poderían reducir o interese do estudantado internacional.
3. **Barreiras lingüísticas e culturais:** a oferta educativa en inglés debería incrementarse na UDC.
4. **Impacto das tensións internacionais e políticas educativas globais:** as tensións xeopolíticas internacionais afectan á mobilidade e aos intercambios.
5. **Crises globais:** os eventos globais inesperados poden restrinxir a mobilidade internacional e dificultar a colaboración transnacional, o que representa unha ameaza para os procesos de internacionalización.



Conclusión

A UDC ten importantes fortalezas para seguir avanzando no seu proceso de internacionalización, como por exemplo a súa sólida oferta académica, a calidade da súa investigación, a pertenza á Alianza EMERGE e as súas redes de colaboración internacional. Con todo, enfróntase a retos relacionados coa visibilidade internacional, a limitación de recursos económicos e a competencia con outras universidades. Para aproveitar as oportunidades de crecemento, sería clave aumentar a oferta de programas en inglés, poñer en valor o atractivo do español como lingua, aproveitar as posibilidades que o galego ofrece para conectar coa lusofonía, mellorar a visibilidade internacional da institución e seguir fomentando novas alianzas estratéxicas con universidades estranxeiras.

ASPECTOS EN QUE A UDC ESTÁ MELLOR E PEOR POSICIONADA EN INTERNACIONALIZACIÓN.

A continuación, preséntase unha lista dos aspectos en que a UDC está peor e mellor posicionada en termos de internacionalización, segundo os datos dispoñibles e as tendencias observadas.

Aspectos en que a UDC está peor posicionada

1. **Mobilidade xeograficamente limitada (estudantes e persoal):**
 - A maioría dos acordos de mobilidade internacional da UDC concéntranse en Europa a través de ERASMUS+, o que limita as oportunidades para que estudantes e persoal se beneficien de experiencias noutras rexións do mundo como Asia, África e América Latina.
2. **Baixa visibilidade en clasificacións internacionais:**
 - A Universidade ten unha presenza limitada nas principais clasificacións internacionais de universidades. Isto afecta a súa visibilidade e ao atractivo global, particularmente en comparación con outras universidades españolas.
3. **Baixa participación do persoal docente e investigador en mobilidade:**
 - A porcentaxe de persoal docente e investigador (PDI) que participa en programas de mobilidade internacional ou colaboracións con universidades estranxeiras é baixa, o que limita o intercambio de coñecemento e a experiencia internacional dentro da UDC.
4. **Débil captación de talento internacional:**
 - Non existen suficientes programas de captación de talento internacional a nivel de persoal académico, investigador ou estudiantil. A UDC podería atraer máis estudantes e persoal investigador internacionais a través de programas de bolsas e cátedras internacionais.
5. **Pouca integración da internacionalización na vida diaria do campus:**
 - A integración de estudantes internacionais na vida académica e social da UDC segue sendo deficiente e moitos estudantes locais non teñen contacto coa internacionalización se non participan en mobilidade. Hai poucas oportunidades para a interacción cultural dentro do campus.
6. **Estruturas administrativas complexas e procesos burocráticos:**
 - Os procedementos administrativos para estudantes internacionais poden ser complicados e non están completamente dixitalizados, o que xera barreiras burocráticas para o estudiantado que chega desde o estranxeiro.



7. Falta dun enfoque estratéxico en alianzas internacionais:

- Aínda que existen algúns acordos de cooperación, a UDC carece dun enfoque estratéxico na creación de alianzas internacionais en áreas clave de investigación e docencia, o que podería limitar o impacto das súas colaboracións globais.

Aspectos en que a UDC está mellor posicionada

1. Participación en programas europeos de mobilidade (ERASMUS+):

- A UDC ten unha participación consolidada no programa ERASMUS+, o que lle permite ofrecer ao seu estudiantado e persoal numerosas oportunidades de mobilidade dentro de Europa e establecer convenios con universidades europeas de prestixio.

2. Oferta de materias en inglés:

- En relación ao seu contorno, a UDC ten unha boa oferta de materias e programas de grao ou posgrao en inglés, o que incrementa o seu atractivo para estudantes internacionais que buscan estudar neste idioma.

3. Forte especialización en áreas estratéxicas:

- A UDC conta con áreas de investigación e ensino que teñen un forte compoñente internacional e un alto potencial de atracción para persoal investigador e estudantes estranxeiros, como as ciencias do mar, a sustentabilidade e as enerxías renovables.

4. Proxectos de investigación financiados pola Unión Europea:

- A UDC participa en proxectos de investigación europeos a través de programas como Horizonte Europa, o que demostra a súa capacidade para competir e colaborar no ámbito da investigación internacional.

5. Redes de colaboración en áreas especializadas:

- A UDC desenvolveu relacións en redes internacionais especializadas, como as ciencias mariñas e ambientais, o que lle permite manter a súa relevancia en proxectos específicos de grande interese global.

6. Crecemento progresivo da mobilidade entrante:

- A UDC experimentou un crecemento no número de estudantes internacionais que elixen a Universidade para estancias de mobilidade, especialmente a través de ERASMUS+ e programas similares.

7. Compromiso coa sostibilidade e os ODS:

- A UDC aliñouse cos **obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS)**, o que lle permite destacar en áreas emerxentes que teñen relevancia global, como o cambio climático e a sostibilidade ambiental.

8. Oferta de dobres titulacións internacionais:

- A UDC desenvolveu convenios para dobres titulacións nalgúns programas de posgrao, o que incrementa a súa capacidade para atraer estudiantado interesado nunha formación con recoñecemento internacional.

9. Contorno académico atractivo para estudantes internacionais:

- A pesar das barreiras administrativas, a calidade de vida na Coruña e o contorno académico fan da UDC un destino atractivo para estudantes internacionais, especialmente de Europa, o que contribúe ao crecemento da súa poboación estudiantil internacional.

Resumo:

- **Fortalezas clave:** a participación en proxectos europeos, áreas de investigación especializadas, programa ERASMUS+ e a aliñación cos ODS.
- **Debilidades principais:** mobilidade limitada fóra de Europa, baixa visibilidade en clasificacións internacionais e procesos administrativos complexos para estudantes internacionais.


A partir desta análise, é evidente que a **UDC** ten potencial para crecer en termos de internacionalización, pero necesita diversificar o seu enfoque xeográfico, mellorar a súa visibilidade global e fortalecer a integración da internacionalización na súa estrutura académica e administrativa.



ÁREAS CLAVE DE ACTUACIÓN

Esta Estratexia de internacionalización pódese analizar a través dunha serie de áreas clave de actuación, indicando para cada unha delas unha serie de obxectivos, accións concretas e mecanismos de seguimento:

1. Gobernanza e liderado na internacionalización
2. Mobilidade de estudantes, PDI e PTXAS
3. Alianzas estratéxicas internacionais
4. Desenvolvemento curricular internacional e formación intercultural
5. Investigación e innovación con proxección global
6. Internacionalización na casa (Internationalization at Home - IaH)
7. Atractivo e posicionamento internacional
8. Captación de alumnado regular internacional
9. Cooperación ao desenvolvemento
10. Xestión administrativa e soporte para a internacionalización



11. Áreas clave de actuación



1. Gobernanza e liderado na internacionalización

Obxectivo:

Garantir que a internacionalización sexa un compoñente estratéxico na planificación e xestión da UDC, cun liderado claro desde o goberno da UDC e cunha estrutura de xestión eficaz.

Accións:

- Incorporar a internacionalización na planificación estratéxica da UDC, con obxectivos medibles en cada un dos ámbitos de actuación.
- Desenvolver un marco regulador para facilitar a toma de decisións relacionadas coa internacionalización.
- Fomentar unha cultura institucional internacional, asegurando que o equipo de goberno e as direccións de centros (docentes, de investigación e centros propios) consideren a internacionalización como unha prioridade transversal.

Mecanismos de seguimento:

- Informes anuais de progreso en internacionalización.
- Supervisión e seguimento anual a través da Comisión de Relacións Internacionais, delegada do Consello de Goberno.

2. Mobilidade de estudantes, PDI, PTXAS y persoal investigador

Obxectivo:

Aumentar significativamente a mobilidade de estudantes, PDI, PTXAS e persoal investigador, tanto saíntes como entrantes, co fin de promover a internacionalización da Universidade.

Accións:

- Promover que todas as persoas que forman a comunidade universitaria teñan acceso aos programas de mobilidade.
- Ampliar e diversificar os programas de mobilidade máis aló dos máis populares ERASMUS+, incluíndo distintos tipos de mobilidade, como bilaterais, STA, STT, SMS, *internships*, *free movers* etc.
- Promover incentivos para o PDI e PTXAS que participe en programas de mobilidade ou colaboracións internacionais.



- Facilitar a integración de estudantes internacionais mediante programas de tutoría e servizos de asesoramento específicos.
- Facilitar instrumentos como a *mobility window* naquelas titulacións que o consideren útil e adecuado.

Mecanismos de seguimento:

- Indicadores do número de mobilidades.
- Enquisas de satisfacción da persoas participantes en programas de mobilidade.

3. Alianzas estratéxicas internacionais

Obxectivo:

Desenvolver unha rede sólida de alianzas estratéxicas con universidades, redes internacionais, empresas e organismos públicos, que favoreza a colaboración internacional en educación ao longo da vida, investigación e transferencia.

Accións:

- Fomentar a integración e participación de todos os colectivos e centros da UDC na Alianza EMERGE, Eurocampus do que formamos parte e cuxa actividade financiada comeza o 1/1/2025.
- Establecer convenios marco de cooperación internacional con universidades, institucións, centros de investigación etc. en áreas consideradas prioritarias para a UDC.
- Participar activamente en redes universitarias internacionais que resulten de interese e xeren un retorno para a UDC, así como en proxectos internacionais de todo tipo.
- Desenvolver proxectos de cooperación en investigación e transferencia de tecnoloxía, con énfase na colaboración público-privada e a transferencia de coñecemento en sectores clave para Galicia.
- Desenvolver proxectos internacionais relacionados coa responsabilidade social.

Mecanismos de seguimento:

- Número de acordos e proxectos subscritos.
- Valoración do impacto e a permanencia no tempo das colaboracións internacionais.



4. Desenvolvemento curricular internacional e formación intercultural

Obxectivo:

Garantir que a oferta académica da UDC teña un compoñente internacional que prepare ao/as estudantes para un contorno globalizado, á vez que se fomenta a diversidade cultural no ámbito universitario.

Accións:

- Promover a mellora de competencias do profesorado en linguas estranxeiras (principalmente inglés).
- Promover accións de formación para mellorar a docencia empregando unha lingua estranxeira como idioma vehicular.
- Fomentar programas de inmersión lingüística e cultural nos títulos académicos (español e galego para estranxeiros, materias *English-friendly* etc).
- Ampliar a oferta de materias impartidas en inglés en programas de grao e posgrao, incentivando a participación de profesorado visitante internacional.
- Promover títulos conxuntos con universidades estranxeiras, especialmente en áreas consideradas de interese estratéxico e en estudos europeos, para proporcionar unha perspectiva global da UDC, poñendo énfase en áreas como dereitos humanos, sustentabilidade, globalización...
- Desenvolver competencias interculturais mediante actividades extracurriculares (conferencias, obradoiros, eventos...).

Mecanismos de seguimento:

- Aumento do número de materias ofertadas en inglés.
- Número de estudantes que cursan estudos internacionais.

5. Investigación e innovación con proxección global

Obxectivo:

Incrementar a participación da UDC en proxectos de investigación internacionais para posicionar a Universidade como un referente en áreas de investigación de impacto global.



Accións:

- Impulsar a participación en convocatorias internacionais de financiamento da investigación.
- Mellorar a internacionalización da investigación, especialmente nas áreas menos desenvolvidas a nivel investigador.
- Optimizar a participación en programas específicos de captación de talento docente e investigador internacional, incluíndo a creación de cátedras internacionais e a promoción da UDC como destino de estancias posdoutorais.
- Promover áreas de investigación estratéxicas e emerxentes con potencial de colaboración internacional.

Mecanismos de seguimento:

- Avaliación do número de proxectos internacionais liderados pola UDC.
- Valoración da produción científica internacional e o seu impacto.

6. Internacionalización en casa (*Internationalization at Home* - IaH)

Obxectivo:

Lograr que a internacionalización chegue a todo o estudiantado, non só ao que participa en programas de mobilidade para fomentar un ambiente multicultural e global no campus.

Accións:

- Fomentar a interacción entre estudantes locais e internacionais, mediante actividades culturais, grupos de traballo multiculturais e eventos que promovan o intercambio cultural.
- Desenvolver actividades con perspectiva internacional, accesibles para todo o estudiantado, que inclúan estudos de casos globais e temas de relevancia internacional.
- Aproveitar a experiencia de estudantes e docentes que participaron en programas de mobilidade para enriquecer a docencia na UDC.

Mecanismos de seguimento:

- Enquisas de integración de estudantes internacionais.
- Avaliación da diversidade na participación de actividades extracurriculares internacionais.

7. Atractivo e posicionamento internacional

Obxectivo:

Mellorar o posicionamento internacional da UDC para que resulte máis atractiva para profesorado, persoal investigador e estudantes estranxeiros e aumentar a súa visibilidade nas clasificacións internacionais.

Accións:

- Desenvolver unha estratexia de márketing internacional que destaque as fortalezas da UDC en docencia, investigación e calidade de vida, utilizando as redes sociais, feiras internacionais e publicacións especializadas.
- Mellorar a posición da UDC en clasificacións internacionais, para o que se implementarán políticas que fortalezan os seus indicadores de impacto académico, reputación internacional e mobilidade de estudantes.
- Desenvolver programas de bolsas e axudas para atraer talento internacional, especialmente en áreas prioritarias para a Universidade.

Mecanismos de seguimento:

- Avaliación da posición en clasificacións internacionais.
- Aumento no número de estudantes internacionais que se inscriban.

8. Captación de alumnado regular internacional

Obxectivo:

Mellorar o número de alumnado internacional que cursa estudos completos na UDC.

Accións:

- Desenvolver unha estratexia de captación de alumnado internacional para grao, máster e doutoramento, mediante a presenza en feiras internacionais, a promoción a nivel rexional e o contacto con institucións.
- Facilitar a solicitude de bolsas e axudas para estudantado internacional.



Mecanismos de seguimento:

- Aumento no número de estudantado internacional matriculado en programas de estudo completos.

9. Cooperación ao desenvolvemento

Obxectivo:

- Incrementar a participación da UDC en accións de cooperación ao desenvolvemento.

Accións:

- Desenvolver e/ou participar en proxectos de cooperación ao desenvolvemento, con énfase na promoción do cumprimento de mandatos da Declaración de dereitos humanos, ODS e mandatos humanitarios de Nacións Unidas, con especial atención na transferencia de coñecemento.

Mecanismos de seguimento:

- Número de acordos de cooperación en que se participa.
- Valoración do impacto e a sostibilidade das colaboracións.

10. Xestión administrativa e soporte para a internacionalización

Obxectivo:

Facilitar o proceso de internacionalización mediante a mellora dos servizos administrativos e de apoio, asegurando que os procesos sexan eficientes e que o persoal estea capacitado para xestionar actividades internacionais.

Accións:

- Mellorar os servizos administrativos para estudantes internacionais, con procedementos claros e eficientes para a inscrición, visados, aloxamento e orientación.



- Formar o persoal administrativo en temas de internacionalización, incluíndo xestión de convenios, mobilidade e atención a estudantes e persoal internacional.
- Dixitalizar e axilizar os trámites relacionados coa internacionalización, co fin de mellorar o acceso e a eficiencia na xestión de procesos para profesorado e estudantes internacionais.

Mecanismos de seguimento:

- Enquisas de satisfacción a estudantes e persoal sobre os servizos administrativos.
- Redución dos tempos de xestión de trámites internacionais.

Conclusión:

A Estratexia de internacionalización da UDC debe ser dinámica, adaptable e con visión a longo prazo. As áreas de actuación propostas proporcionan un marco para reforzar a posición da UDC no panorama internacional, cun enfoque que abarca desde a mobilidade ata a investigación e a xestión administrativa. O éxito desta Estratexia dependerá da colaboración e o compromiso de toda a comunidade universitaria, así como da capacidade da UDC para se adaptar aos desafíos e ás oportunidades do contorno global.

PROPOSTAS DE MELLORA

Para desenvolver propostas de mellora en cada área de actuación da Estratexia de internacionalización da Universidade da Coruña (UDC), é importante ter en conta a súa situación actual en termos de internacionalización. A partir da información dispoñible e dunha análise das necesidades e os desafíos específicos da UDC, a continuación preséntanse as propostas de mellora para cada unha das áreas identificadas:

1. Gobernanza e liderado na internacionalización

Situación actual:

A UDC conta con estruturas básicas para a xestión da internacionalización, como a Oficina de Relacións Internacionais (ORI), pero é necesario fortalecer a integración da internacionalización na gobernanza universitaria para mellorar a súa eficiencia e o alcance.

Propostas de mellora:

- Aumentar a autonomía e os recursos da ORI e darlle maior protagonismo na toma de decisións e na planificación estratéxica da Universidade. Ademais, incrementar os recursos humanos e tecnolóxicos para que poida xestionar de forma máis eficiente o crecente número de programas internacionais.
- A existencia dunha vicerreitoría con capacidade de coordinación transversal nas áreas académica e internacional permite unha xestión máis eficiente e aliñada cos obxectivos globais da universidade.
- Incorporar a internacionalización no plan de avaliación do desempeño das facultades e departamentos, de forma que se avalíen tamén as súas achegas á internacionalización (participación en programas internacionais, colaboración en redes internacionais etc.).
